


EDLG DO
CEIP
RECIMIL

RECINOVA

ESTE CURSO, AINDA QUE SEXA DENDE A CASA, IMOS CELEBRAR O DÍA DAS LETRAS
GALEGAS. O 17 DE MAIO RÉNDESELLE HOMENAXE A...

Ricardo Carballo Calero

Ricardo Carballo Calero, ou Carvalho Calero, naceu no ano 1910 en Ferrol, e morreu en Santiago de Compostela no 1990. Realizou os seus estudos universitarios en Santiago onde se licenciou en Dereito e en Filosofía e Letras.



Entre outras cousas, ingresou na Real

Academia Galega no ano 1958, foi mestre, e profesor na Universidade de Santiago de Compostela converténdose no primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galegas.

Ricardo Carballo Calero foi un notable poeta, dramaturgo, narrador e ensaísta, e publicou unha morea de obras.

Como veciño de Ferrol, na nosa cidade consérvanse anacos da súa vida, e levan o seu nome rúas e edificios importantes. A súa casa atópase na rúa San Francisco no barrio de Ferrol Vello.

Tedes o conto “As pitas baixo a choiva” á vosa disposición na aula virtual. Animádevos a lelo, gustaravos.

